

Primer Ciclo de Formación en Prevención de Riscos Laborais.

AULA PERMANENTE

Sector da Construción.

Tarxeta Profesional da Construción

A Fundación Laboral da Construción, en colaboración co Concello de Zas, organizará para o próximo xoves día 25 de marzo no Centro Sociocultural un **Curso de Prevención de Riscos Laborais denominado Aula Permanente.**

Esta xornada de formación terá 8 horas de duración, en horario de 9.30 a 14.00 horas e de 15.30 a 19.00 horas e está dirixida tanto a autónomos, e a persoal en activo en empresas do sector da construción, como a persoas en situación de desemprego que ou ben prestasen os seus servizos en empresas da construción ou ben que aspiren a traballar en dito sector.

As persoas que asistan ao curso, e cumpran os requisitos, poderán solicitar a tramitación da **Tarxeta Profesional da Construción (TPC)**. Na Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local recollerase a documentación para facilitar a súa tramitación por parte da Fundación Laboral da Construción.

Para solicitar esta tarxeta TPC, que será obligatoria a partir do 31/12/2011, é necesario estar traballando nunha empresa do sector da construción actualmente, ou ben haber traballado durante polo menos un mes nos últimos 3 anos.

As persoas que desexen participar deberán facer unha preinscrición no **teléfono 981708303**, ou ben persoalmente no Concello de Zas, antes do vindeiro 18 de marzo.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA PARTICIPAR NA XORNADA:

Parados:

Fotocopia DNI
Fotocopia tarxeta demandantes de emprego
Ficha do alumno(cubriraselle o día do curso)

Empregados:

Fotocopia DNI
Fotocopia cabeceira da última nómina
Ficha de solicitude da empresa
Ficha do alumno (cubriraselle o día do curso)

Autónomos

Fotocopia DNI

Ficha do alumno

Fotocopia do último recibo bancario de autónomos.

Para solicitar a Tarxeta Profesional da construción (TPC):

Unha fotografía tipo carné

Informe da vida laboral actualizado

Orixinal da última nómina ou do contrato de traballo.